



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### **ASUNTO.PUBLICACIÓN APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO.**

Aprobado provisoriamente pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión extraordinaria do día 30 de decembro de 2015 o orzamento xeral correspondente ao exercicio do ano 2016, cumprindo o disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo e do 20.1 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril: someteuse ao trámite de información pública polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP número 5 de data once de xaneiro de 2016).

Dado que en dito período de exposición pública non houbo reclamación firme contra dito orzamento, e cumprindo o disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, o orzamento inicialmente aprobado considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo Plenario.

Consorte o disposto nos artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, e do 20.3 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, esta Alcaldía:

### **RESOLVE:**

1.- Proceder a publicación no Boletín Oficial da Provincia o orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos.

2.-Asemesmo procederáse a publicación dos cadros de persoal, aprobados xunto co orzamento xeral, cumprindo o establecido no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, Reguladora do Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.

**Documento asinado dixitalmente ao marxe.**